

UTILIDADE PÚBLICA E EMPRESAS

Adela Figueroa Panisse

As grandes empresas apodéranse do territorio xustificando "servizos á sociedade". Así é considerado o termo de Utilidade Pública. En principio, debería ser o Estado quen fornecese deste amparo a toda a cidadanía, pero cando a Administración non pode atender a todas as necesidades e servizos, estes son privatizados, ao menos esa é a xustificación. Polo tanto, o Estado perde funcións, mentres que as grandes empresas substitúeno na atención ao cidadán en materias como o abastecemento enerxético, a minaría ou a alimentación, entre outras.

Belén Rodríguez



Piscifactoría de rodaballo de Stolt Sea Farm en Cabo Vilán, na Costa da Morte.

ENERXÍA

Para a obtención de enerxía na época franquista, os nosos principais ríos foron entregados nas mans de FENOSA (fundamentalmente), facéndolles perder a súa vizosidade e limpeza, e alterando a paisaxe de forma drástica e irreversible. Perdemos os nosos mellores terreos de labor nos vales. Enriqueceuse a empresa, mais non se evitou que unha grande parte da xuventude doutroa estivese obrigada a emigrar, axudando co seu traballo a crear riqueza noutros lugares.

Os encoros e os seus efectos nocivos continuaron (arestora Iberdrola segue a botar entullos impunemente en plena Rede Natura) sumándose a outra preocupación actual, a masiva ocupación dos cumes dos montes para o aproveitamento do vento. Nunha Galiza envellecida esta ocupación vese, en moitos casos, como unha axuda á feble economía familiar dos maiores que aínda fican nas aldeas. Non é vista así cando algúns pequenos empresarios queren xerar riqueza autóctona.

A ocupación dos montes implica un grande impacto económico e ambiental, tanto visual como biolóxico. Son innumerábeis as aves e quirópteros que morren

atrapados nas aspas das ventoíñas, e así o denuncia a Sociedade Española de Ornitología, entre outros. Os traballos realizados no terreo alteran fortemente as dinámicas ecolóxicas dos mesmos. O Xistral, por exemplo, perdeu grande parte das súas turbeiras de cobertor que xogaban un papel fundamental no ciclo hidrolóxico da zona. As numerosas pistas construídas mudaron o aspecto dos montes e a súa dinámica dun xeito difícil de reponer.

Moitos lugares son invadidos na actualidade polos parques eólicos, entre eles zonas de Rede Natura, como o Monte Iribio no Courel ou os Montes de Muxía. A Ribeira Sacra, unha das nosas xoias paisaxísticas do interior, xa dabondo castigada polos encoros do Sil e do Miño, agora é ameazada na súa economía pola masiva instalación de aerogeradores, como os de Paradela, sen que por iso se deixen de implantar máis aproveitamentos hidráulicos. Esta zona basea a súa riqueza no turismo e na agricultura e a súa paisaxe está proposta para ser considerada Patrimonio da Humanidade, Paisaxe Humanizada, á semellanza do que acontece en Portugal coas Ribeiras do Douro.

As grandes empresas utilizan a figura legal da Utilidade Pública, en virtude da cal se poden expropiar terreos, alterar a

paisaxe, destruír o sector produtivo local. Canto vale unha paisaxe? Como se pode entregar o territorio nas mans privadas dos grandes lobbys de poder internacional, alleos ao control cidadá?

PISCICULTURA

Pensemos na gripe A, declarada xa como pandemia. A orixe desta infección está nas condicións de insalubridade en que se criaron porcos pola multinacional *Smithfield Foods*, a cal pode esquivar os controis debido ao seu poder económico e político. O problema xérase pola enorme cantidade de animais concentrados nun mesmo recinto. Estas condicións propician a transmisión de doenzas contagiosas, o intercambio vírico e a aparición de virus mutantes como o da gripe A. Este caso desatado no pobo de Gloria de México demostra como o mérito de ser a maior granxa do mundo pode derivar nun grave problema sanitario (*Mucho más que una gripe*, Ignacio Ramonet, Le monde Diplomatique, xuño 2009).

Tal risco se podería xerar no ámbito da piscicultura. A granxa de peixes recentemente aberta en Mira (Portugal) por Pescanova, considerada a maior do mundo, é presentada como un logro económico fronte ás reservas dos grupos ecoloxistas. Pero non é tal. Nas granxas de peixe cultívanse milleiros de exemplares nun espazo mínimo que poden reconverterse en "bombas retardadas" espansoras de virus e doenzas contagiosas.

Estas granxas tamén son consideradas de Utilidade Pública, por iso están fortemente subsidiadas. Por tanto, un posto de traballo nestas fábricas sae moi caro para o contribuínte. O goberno portugués xa entregou a Pescanova 45 millóns de € en subvencións públicas directas e indirectas para melloras tecnolóxicas, infraestruturas de distribución, vantaxes fiscais..., ata completar 140 millóns de € do total do proxecto; polo tanto cada emprego cústalle ao goberno luso 225.000 €.

Na mesma situación está o caso galego desde que a acuicultura é considerada

de Utilidade Pública. A actual Conselleira de Pesca da Xunta de Galiza, Rosa Quintana, xa declarou diante da prensa galega cal ía ser a súa vontade: "Si Pescanova está dispuesta a sacar adelante su proyecto en Touriñán", dixo, "contará con el apoyo y respaldo de la Xunta"... "Tenemos el diálogo abierto con todas y estamos a expensas de lo que nos puedan pedir" (La Voz de Galicia, 6 de xullo de 2009).

Neste caso, a Utilidade Pública é utilizada para invadir a Rede Natura, para poluír os mares, esquilmalos de peixe miúdo (que se utiliza para fabricar os pensos cos que alimentan os producidos nas granxas), para arruinar as pequenas economías independentes das xentes da beiramar, para substituír un mundo verde e vizoso por unha terríbel mancha negra que é da cor das lonas coas que se cobren as piscinas onde se acumulan os peixes planos a feixes, para favorecer a propagación de virus, e para enriquecer aos que xa son ricos, coa convivencia descarada dalgúns políticos.

AVALIACIÓN CONXUNTA DOS IMPACTOS

Para a exploración dun parque eólico (chamado "granxa de vento" en Inglaterra e Francia) é imprescindible a construción de tendidos de liñas que transporten a enerxía producida en Galiza para os lugares onde vai ser consumida. Estes tendidos (Liñas de Alta Tensión –LAT-) alteran fortemente a paisaxe e producen perdas irreparábeis nos cultivos de montes ou agrícolas por onde pasan. Implican

© Alberte SR



Encoro Barrié de la Maza, no río Tambre.

ademais grandes perdas de enerxía polo transporte, ata máis do 10% da produción.

Nas alegacións feitas por ADEGA ao último Plano Eólico demandábase que na Declaración de Impacto Ambiental (DIA) figurase unha cláusula por acumulación de impactos relativos ás sinerxías negativas sobre o ambiente e a saúde das persoas, e da multiplicidade de accións sobre o medio. ADEGA tamén pedía a formación dunha Mesa Eólica na se analizase o conxunto de impactos ambientais, culturais e económicos por mor da instalación de parques eólicos. So consideradas conxuntamente as LAT e os parques eólicos teremos a auténtica avaliación do inmenso impacto ambiental que estas estruturas xeran

A EPAW (European Platform Against Winfarms) constituíuse o 4 de outubro de

2008 en toda Europa para denunciar a presión que exercen os *lobbys* financeiros e políticos para declarar de Utilidade Pública o territorio que logo fica nas súas mans. EPAW indica algúns dos prexuízos dos parques eólicos: grave alteración da paisaxe (movementos de terras, cambios no ciclo hidrolóxico, morte de aves); perda de valor dos terreos ocupados polo parque e as liñas de transporte eléctrico; alteracións na saúde dos seres humanos e dos animais que viven preto dos campos eólicos ou baixo as liñas de alta tensión; e a redución irreal de emisións de CO₂ á atmosfera porque, ao ser o vento unha fonte discontinua, os parques teñen que estar apoiados por outra central térmica que garanta o mantemento da tensión nas liñas. Por todo isto a EPAW demandou perante a Comisión e o Parlamento Europeo unha moratoria para a implantación de máis campos de ventoñas en Europa.

QUEIXA FORMAL

ADEGA demanda que se revise este tipo de concesións e retiren os subsidios públicos para estes proxectos. A Asociación resérvase o dereito a elevar unha queixa formal perante a Comisión Europea sobre o mal uso que se está a facer do privilexio de Utilidade Pública en Galiza. Consideramos que outro sistema económico é posíbel e que a concentración de poder económico e político nas poucas mans das multinacionais representa unha grave ameaza para o futuro dun mundo cada vez menos solidario e perigosamente poluído.

